


D**T.C. 6 - 8****11,800
km****31° RALLYE SAN FROILÁN**

Acceso treitos

BEGONTE

Para chegar a este treito temos que coller a DP-16.11 no treito entre Begonte e Friol, para chegar a ela temos que saír na saída 517 da A-6 seguindo as indicacións Begonte, chegamos a un cruce coa N-VI a altura do km 523,5 desta, onde collemos cara Friol.

O acceso á saída témolo no km 59,6, nun cruce coa indicación Pena, a 500 m temos a saída..



Un primeiro acceso atopámolo no km 60,5 coas indicacións Pena, Santalla por onde a 900 m temos o cruce da foto 1, sinalizado como Zona espectáculo 1, tanto pola súa vistosidade cara o público como polo espazo para situarse e para aparcar.

Máis accesos ó treito están no km 62 desa mesma DP-16.11, temos un cruce coa indicación Cerdeiras, a 600 m collemos pola esquerda, 700 m despois chegamos a carón dunha escola

vella onde podemos seguir de fronte durante 300 m que chegamos ó cruce da foto 3, sinalizado como Zona espectáculo 2 do treito, pola súa espectacularidade e polo espazo para público.

Pero a carón desa escola podemos coller á esquerda por onde a 100 m collemos de fronte, a 400 á esquerda e a 600 m chegamos ó cruce da foto 2.



Se nese cruce que collemos á esquerda para chegar ó cruce da foto 3 vamos cara a dereita chegamos á mesma Zona espectáculo 2 en 400 m.

Outro acceso témolo no km 64,4 polas indicacións Castro, Insua, Roibas, a 300 collemos pola esquerda cara S. Vicente, Roibas; a 2,2 km, seguindo pola mesma estrada, á esquerda, a 100 m temos un cruce con dúas posibilidades, se seguimos de fronte pola esquerda e tras 700 m chegamos a un cruce do treito ó que se chega despois dunha recta.



A outra oportunidade é coller cara a dereita, a 300 m collemos á esquerda cara A Cruz, Igrexa S. Vicente pola que imos subindo entre casas e a 400 m chegamos


ó treito nunha zona que sae dun camiño estreito a unha explanada ampla.

Un acceso máis localizámolo no km 58,6 unha entrada estreita á dereita por onde despois de 1,3 km por unha pista estreita chegamos ó treito nunha zona dun cruce complicado, polo que despista, en baixada.

O acceso á meta está no km 58,4 nunha pista á dereita, onde hai unha indicación á man esquerda de Sto. Tome; a poucos metros temos a meta. Neste punto tamén temos a saída do treito E, xa que nesa pista á esquerda coa indicación Sto. Tome, temos a poucos metros a saída do treito E.



O ultimo acceso ó treito está no km 52,7 un cruce á dereita co sinal de Purreira, ó revés, a 600 m collemos pola dereita, a 2,8 km facemos dereita no stop, a 4,5 km cara a dereita e ó pasar 2,5 km estamos no cruce da foto 4, sinalizado como Zona espectáculo 3 pola súa vistosidade e seguridade.



HORARIOS

- **PECHE TREITO: 16:38**
- **PRIMEIRA PASADA: 17:38**
- **SEGUNDA PASADA: 21:10**
- **APERTURA ESTRADA: 23:45**
- **COORDENADAS GPS**
 - Saída (43°06'56" N - 7°42'52" W)
 - Meta (43°06'07" N - 7°43'16" W)